

RILO & PENADIQUE

Arre Ru

COMPAÑÍA

Rilo & Penadique é unha compañía de recente creación que une os talentos de Vero Rilo e Sonsoles Penadique. Vero Rilo ten unha longa e consolidada traxectoria como contacontos. Educadora na Escola A Semente e contadora, cursou estudos de iniciación o teatro da man de Carlos Neira e outros específicos como contadora con Charo Pita e Tim Bowley. Á fronte de Daboapipa, moveu con este formato que combina música e narración oral diversos espectáculos, para público adulto e infantil, por toda Galicia e mesmo alén Miño.


Sonsoles Penadique, licenciada en Historia da Arte na especialidade de Historia da Música e Patrimonio Artístico pola USC e diplomada en Educación Musical pola Universidade de Vigo, realizou estudos de linguaxe musical, técnica vogal, coral e harmonía moderna na Escola Estudio de Santiago de Compostela. Traballou en diferentes centros de primaria, secundaria e conservatorios dependentes da Consellería de Educación, e tamén é profesora de acordeón diatónico, canto, música e movemento e linguaxe musical na Escola Municipal de Música de Moraña e na A.C. Trépia. Tamén colabora coas Escolas Infantís Semente de Compostela e Vigo e Cruz Vermella de Pontevedra.

“Xuntáronse o amor pola literatura e a palabra dita co amor pola música e o universo da infancia. E aquí estamos...”.

OS ESPECTÁCULOS

Arre Ru é unha palabra que vive na boca, non quere dicir nada, pero o *A* abre o asombro, o *RRE* a repetición, e o *RU* a delicadeza.

Comezamos prontísimo na vida a vogalizar e nos golpes de voz xa vai o arremedo de todos os estados de ánimo. Cando falamos de narración oral para bebés queremos dicir que a narración oral é importante desde os primeiros momentos da vida, introducímonos co(a)s bebés da mau na selva das palabras e do sentido das palabras: nós sabemos dos carreiros, das fontes, das hortas e dos agochos; eles veñen vindo de vagariño pero sen pausa.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Vero Rilo, Sonsoles Penadique

Dirección: Vero Rilo, Sonsoles Penadique

Xéneros: narración oral, música

Duración: 30 minutos

Público: bebés

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)